



Jesús Feijoo Fariña proclámase Campión Galego de Caza de Arceas

O pasado 8 de decembro de 2007 tiña lugar no Tecor da Sociedade de Cazadores de Friol, en Friol (Lugo) a décimo segunda edición do Campionato Galego de Caza de Arceas, organizada pola FGC en colaboración coa Sociedade de Cazadores de Friol.

Participaban un total de 22 cazadores: o campión do ano anterior mais 21 clasificados dos respectivos Campionatos Provinciais da modalidade: 6 por A Coruña, 5 por Lugo, 4 por Ourense e 6 por Pontevedra. Finalizada a proba, na que se capturaban un total de 15 arceas, proclamábase Campión Galego



Jesús Feijoo Fariña, da provincia de Ourense, ao cazar tres arceas. Segundo era Ramiro Lamas Vilanova, da provincia de A Coruña, quen cazaba dúas arceas. O terceiro clasificado foi Jaime Villaverde Balado, da provincia de Pontevedra, que cazaba tamén dúas arceas. Seis participantes máis capturaban unha arcea cada un.

CLASIFICACION FINAL			
Pos.	Cazador	Pezas Cazadas	Prov
1º	Jesús Feijoo Fariña	3 arceas	OU
2º	Ramiro Lamas Vilanova	2 arceas	CO
3º	Jaime Villaverde Balado	2 arceas	PO
4º	Javier Novas Ferreiro	1 arcea	LU
5º	Cristian Fernández Abuín	1 arcea	LU

Os tres primeiros clasificados formarán a Selección Galega que participará no Campionato de España de Caza de Arceas.

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com